

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO DÍA 17 DE ABRIL DE 2008

O día 17 de abril de 2008, ás 10:00 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Áprobase a acta da sesión ordinaria do Claustro, que tivo lugar o día 29 de maio de 2007.

2. Aprobación, se proceder, da Memoria de xestión 2007. Informe do reitor para o Claustro

Para cumprir o que establecen os artigos 25.2.k (correspóndelle ao Claustro «debater e aprobar, se é o caso, o informe anual de xestión do reitor») e 36.1.m (correspóndelle ao reitor «presentarlle ao Claustro, para a súa aprobación se proceder, unha memoria anual da súa xestión») dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Reitor presenta a Memoria de xestión correspondente ao ano 2007, que figura en <http://www.udc.es/reitoria/ga/reitor/documentos/memoria07.asp> e pronuncia o discurso que se recolle no **ANEXO II** desta acta.

Unha vez aberta a quenda de intervencións, o Sr. Reitor toma a palabra de novo para lles dar conta aos membros do Claustro da solicitude que fixo por escrito o Sr. Delgado Martín para que conste na acta desta sesión que no documento que se puxo a disposición da comunidade universitaria, na páxina 207, se indica que o Plano estratéxico foi aprobado por unanimidade no Consello de Goberno, na súa sesión do día 15 de maio de 2007. Trátase dunha afirmación que non se corresponde coa realidade, porque, tal e como pode comprobarse na acta da sesión do correspondente órgano, o resultado da votación do citado Plano estratéxico foi de 30 votos a favor, un voto en contra e unha abstención. Por iso, solicita a consecvente modificación do texto da Memoria de xestión 2007.

Toma a palabra o Sr. Colina Garea, quen centra a súa intervención en cuestións relativas á legalidade, concretamente nos apartados da memoria sobre produción normativa, en que se aprecia o esforzo por regular cuestións necesitadas de normas específicas, citando os casos do Regulamento de

bolsas e o Estatuto do estudantado, ou de normas que se deberían poñer ao día, como é o caso do Regulamento de réxime interno do Claustro ou dos propios Estatutos da Universidade da Coruña, que foron parcialmente modificados. Remata a súa intervención manifestando que, en todo caso, este avance normativo debe valorarse positivamente en tanto que a aprobación de tales normas obedece a necesidades reais da Universidade da Coruña.

Finalizada a súa intervención, toma a palabra a Sra. Rey Graña, quen considera que o máis destacable no ano 2007 é, segundo se indica no primeiro parágrafo da memoria económica, «o remate do saneamento das contas, coa liquidación do exercicio 2006». Aínda que, efectivamente, a liquidación do exercicio 2006 se realiza en 2007, en todo caso, este logro debería imputarse ao ano 2006 e non ao 2007. Por certo, considera ademais que, ao mencionar as datas en que se presentou ao Claustro a liquidación do orzamento de 2006 hai un erro, xa que se di que foi aprobada no Consello de Goberno do 15 de maio de 2006 e debería dicir 2007. Mais esta boa noticia xa a tiña o equipo de goberno o 29 de maio de 2007, cando lle presentou ao Claustro a Memoria de xestión do ano 2006 (que xa se aprobou), polo tanto, debería ser un logro para destacar nese momento e non agora.

A continuación, sinala que o orzamento de 2007 medrou un 5.4%. Debería especificarse que este é o crecemento en termos nominais, porque en termos reais o crecemento é do 2.5%. Na súa opinión, esta memoria soamente nos recorda o que se proxectou e/ou orzou, e que xa nos contaron en múltiples e diferentes foros e ocasións, pero non nos di o que queremos saber, que por certo, é o máis importante: que se fixo e que non se fixo. A respecto dos orzamentos de 2007, cóntannos que existen (aprobados polo Consello de Goberno o 14/12/2006 e polo Consello Social o 19/12/2006), cousa que xa sabemos, pero non nos dan ningunha explicación sobre determinadas cuestións que pasa a expoñer.

A propósito dos gastos, cabe salientar unha perda de peso relativo dos gastos en investimentos reais sobre o orzamento total da UDC de máis de 2 puntos. Isto tradúcese nunha taxa de variación negativa que se aproxima ao 11% en termos nominais e é case dun 13% en termos reais. Dito doutro xeito, o diñeiro destinado a estes investimentos diminuíu en termos reais un 13% con respecto ao que se destinou a este mesmo fin no ano 2006 (en 2006 destináronse 15.153.278,3 euros e en 2007 13.191.638,74 euros constantes de 2006, o que supón unha diferenza negativa de 1.961.639,99 euros constantes de 2006). E a adaptación ao EEES? Xa o temos todo adaptado e por iso xa non necesitamos facer máis adaptacións? Para que se crea o plano de intensificación de adaptación ao EEES, a que se destinan 3 millóns de euros

no ano 2007 grazas ao «saneamento das contas» e aínda así se invisten case 2 millóns de euros menos que no ano 2006?

Polo demais, na memoria presentada ao claustro o ano pasado sinalábase que o orzamento do ano 2006, entre outras cousas, estaba orientado a avanzar no logro dos obxectivos priorizados polo equipo de goberno, sinalándose como tales os seguintes: 1) reducir o peso dos gastos de persoal no orzamento, pasando este capítulo dun peso relativo do 67% en 2006 a algo máis do 69% en 2007, o que en termos nominais se traduce nun incremento de case un 9% (6.213.294,51 euros máis en 2007 que en 2006); e 2) conter os gastos de bens correntes e servizos, debendo sinalarse que neste caso o peso relativo do capítulo II de gasto no ano 2006 era dun 14,85% e pasou a representar case un 15,5%, o que supón un incremento destes gastos de 1.556.226,96 euros.

En canto ao Plano estratéxico cóntannos que se rematou, fannos un resumo da programación plurianual 2007-2008 e recórdannos o seu contido. Pero o que non nos din é se se alcanzaron os obxectivos que estaban programados para 2007 ou se os diferentes indicadores de medida creceron ao ritmo anual previsto (Documento PEUDC_D7). Finalmente, cóntannos algo que quizais non sabemos, aínda que só a medias, e que parece que se fixo en 2007: «grazas ao saneamento das contas da UDC» acometéronse investimentos extraordinarios que se orientaron ás necesidades priorizadas no plano estratéxico, traducidas nun «programa de intensificación da adaptación ao EEES» dotado con 3 millóns de euros.

En relación con isto sinala o seguinte: primeiro, parece que todo isto foi posible grazas á boa xestión económica realizada polo actual equipo de goberno. Con todo, xa nos orzamentos de 2007, presentados a finais de 2006, se fala de que as achegas suplementarias (10 millóns de euros) de varias Consellerías (Vivenda e Solo, 7 millóns e outras Consellerías, 3 millóns) foron as que permitiron afrontar o esforzo orzamentario (e agora ao parecer realizado), concentrado en obra nova, no EEES e nas bibliotecas. Non parece, xa que logo, que o mencionado «saneamento das contas da UDC» teña algunha relación cos investimentos supostamente realizados. E segundo, ademais, na última folla dedicada á memoria económica sinálanse as liñas de actuación do programa. Entre as 5 liñas de actuación están: 50.000 euros destinados ao concurso de ideas do edificio Campus Center en Elviña, que por certo, non sabemos cal é a gañadora. Ademais, este centro bautizouse cun nome que non está en consonancia co esforzo que este equipo de goberno nos pode que fagamos para cumprir os obxectivos expostos no seu Plano de Normalización Lingüística.

Na promoción da UDC e captación do alumnado gastáronse 190.800 euros mais, segundo o que se indica no apartado de distribución, só foi para captar alumnado para os mestrados (repartiuse a partes iguais entre eles) entre os POP ou entre todos? foi rendible o investimento?, é dicir, incrementouse significativamente o número de alumnos matriculados neste tipo de estudos? No que ao seu centro se refire, o obxectivo exposto non se cumpriu.

Segue co uso da palabra e sinala que, por fin, chega a partida máis cuantiosa 2.212.395,14 euros, destinados á adaptación das instalacións e equipamentos dos centros: orientado ás accións previstas nos seus planos de mellora. As partidas que fan unha mención específica ao EEES no orzamento de 2007 presentado en decembro de 2006 son:

Concepto	Cantidade (euros)
Bolsas calidade e converxencia no EEES	150.000
Plano director adaptación ao EEES	150.000
Outras obras de adaptación ao EEES	100.000
Investimentos para a calidade e converxencia EEES	575.000
Accións de mellora UTC	120.000
TOTAL	1.095.000

A diferenza co que figura na memoria, dinnos que investiron 1.117.395 euros, quere saber que outros gastos se fixeron para a adaptación dos centros ao EEES. Podería pensarse que os investimentos asociados ao funcionamento das facultades, incluída a biblioteca, que suman 976.350 euros, foron en realidade adaptacións ao EEES? E aínda así, en que se gastaron os 141.045 euros restantes? Sexa como sexa, a transparencia brilla pola súa ausencia («dime de que presumes e direiche de que careces»).

Para finalizar, fai referencia a unha cuestión que nunha ocasión o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica cualificou como o «chocolate do loro» e comparou coa xestión do 3% dos seus ingresos persoais, que podería alcanzar, no mellor dos casos, uns 90 euros/mensuais (algo máis de 1.000 euros ao ano). Refírese, por suposto, aos fondos de nivelación. Aínda que si é verdade que, para o ano 2007, estes fondos representan o 3% do orzamento total da Universidade, estamos falando de 3.481.783 euros, que é diñeiro público e do que cre que han de renderse contas. Estes fondos de nivelación aparecen no plano de financiamento do SUG 2005-2010 coa intención de cubrir o déficit de infraestruturas, equipamentos e servizos existentes nas Universidades da Coruña e Vigo e así obter un «elevado grao» de homoxeneidade no SUG. Estes fondos cuantifícanse en 2005 en 2.864.500 euros e en 3.168.137 euros en 2006, que sumados aos do ano 2007 alcanzan a cifra de 9.514.420 euros, ou o que é o mesmo, case 1.600 millóns de pesetas. En que se utilizaron? Cren que poden cualificarse como «o chocolate do

loro»? Logo de 3 orzamentos xa liquidados e 1 en execución, en que medida se cubriu o déficit de infraestruturas, equipamentos e servizos?

Rematada a súa intervención, toma a palabra o Sr. Castedo Ribas, quen comeza agradecéndolle ao equipo de goberno o esforzo realizado no ano 2007 e o traballo que agora se presenta. Na súa intervención tamén quere incidir en temas relativos á investigación e a capacitación de recursos externos, considerando que hai que situar as cifras no seu contexto, ademais de ter que proceder a relativizar moitas delas nalgúns casos, porque segue considerando que as cifras continúan a ser baixas, como se acredita recorrendo á comparación. Así, nalgúns cuestións de proxectos, increméntase e noutras diminúen, que é o que sucede a respecto do caso da Xunta de Galicia. Ademais, convén contrastar con outras situacións de I+D a nivel nacional. Estase (aumento do 18%) por baixo do incremento nacional (35%) e seguro que, en relación coas universidades de Vigo e de Santiago, se perde competitividade no Sistema Universitario Galego. Igualmente, fai fincapé no tema da incidencia da investigación no Plano de Organización Docente (POD), cuxa regulación actual, sendo moi positiva, podería ser máis ambiciosa, pois, á parte dos tradicionalmente chamados competitivos, tamén se poderían incluír outros proxectos de investigación que non se consideran así, aínda que realmente si teñen esta natureza. É preciso mellorar a xestión de proxectos. Remata a súa intervención proponendo melloras na actuación dos servizos de control interno da nosa universidade, a respecto da tramitación dos proxectos de investigación e proponendo tamén reducir o excesivo regulamentismo existente actualmente no funcionamento da Universidade da Coruña, na medida en que parece aconsellable reducir e mellorar os regulamentos.

Rematada a súa intervención, toma a palabra o Sr. Soraluze Blond, quen centra toda a súa intervención no apartado relativo ás infraestruturas. Considera que a análise da actuación en 2007 en materia de infraestruturas esixe comparar as obras feitas co orzado economicamente para tales efectos, pois, entre outras cousas, non aparecen na memoria algunhas das obras orzadas. Esta é a razón pola que estes orzamentos non se executaron, e non se executaron porque non hai realizacións, só hai proxectos, concursos de ideas, mais nada de obras e de construción. A respecto das cousas que si aparecen especificamente orzadas, só atopa dúas, que son as relativas ao baixo da Facultade de Ciencias e ás reformas do edificio da Facultade de Socioloxía, concretamente para Ciencias da Comunicación. En todo caso, non se inclúen as reformas dos centros para adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), que xa que figuran en varios apartados do orzamento. Conclúe a súa intervención afirmando que, dos 2,8 millóns de euros, non se executaron 2 millóns, razón pola que cómpre saber que pasou co parque

tecnolóxico, coa sala de exposicións e prensa e co Monte na Fraga, pois de non se teren executado as cantidades orzadas para tales efectos poderíase falar de mala xestión.

Rematada a súa intervención, toma a palabra a Sra. López Fernández, quen considera que moitas das cuestións hoxe expostas exceden dunha memoria de xestión, sempre sobre a base de que a memoria presenta unha radiografía da Universidade da Coruña e sinala os aspectos que deben ser mellorados. A respecto das observacións realizadas polas persoas que a precederon no uso da palabra, sinala que en materia de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior estanse a facer cousas, non só en cuestións académicas senón tamén en infraestruturas, como acreditan as modificacións que se están a operar nos centros por medio das dotacións de intensificación da Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica. Tampouco comparte o manifestado sobre a multiplicación de regulamentos, pois considera adecuado que haxa normas polas que se establecen os procesos e as formas de actuación. Remata a súa intervención sinalando que, en conxunto, a memoria non só responde ao concepto de xestión, senón que vai máis lonxe e responde a peticións feitas ao reitor o ano pasado.

Rematada a súa intervención, toma a palabra o Sr. Fernández López, quen efectúa unha valoración positiva na xestión das cuestións relacionadas co persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, pois reducíronse as porcentaxes de interinidade e case todo o persoal funcionario será dentro de pouco funcionario de carreira. Mais tamén considera que quedan moitas cousas por facer, sinalando neste sentido a necesidade de mellorar a xestión das cuestións relacionadas en materia do persoal laboral de administración e servizos e de reducir a porcentaxe do persoal laboral de administración e servizos interino. Remata a súa intervención coincidindo na idea de que non hai un exceso de regulamentación e considera, ademais, que a normalización de procedementos e criterios claros aprobados polo Consello de Goberno lle parecen moi positiva.

Rematada a súa intervención, toma a palabra o Sr. Ferreiro Baamonde, quen efectúa unha valoración positiva da política do persoal docente e investigador (PDI), tendo en conta os pasos dados en relación coa aprobación do convenio colectivo do PDI laboral, co plano de estabilización (transitorias Estatutos) do PDI e co compromiso de estabilidade cos axudantes, que semella ser o único do Sistema Universitario Galego. Igualmente, incide no tema da introdución no POD da actividade investigadora, considerando que se debe traballar nesta liña, incorporando tamén a transferencia de resultados, máis con certas cautelas. Non obstante, sinala que quedan cousas por facer, tales como un maior esforzo na dotación de profesorado nos posgraos oficiais, a

estabilidade do profesorado colaborador e a posta en marcha de criterios claros para o cómputo de traballo do profesorado co novo modelo de docencia que supón o Espazo Europeo de Educación Superior. Remata a súa intervención reiterando que teñen cousas moi positivas en materia de PDI, na medida en que se incrementou a cualificación do profesorado; as normativas que afectan ao PDI son froito do consenso e da negociación e, por último, existen normas claras e transparentes en materia de PDI.

Rematada a súa intervención, toma a palabra o Sr. López Pereira, quen considera que o Sr. Reitor presume da súa xestión cando hai cousas que non dan pé para isto. Sobre a base de que a memoria é un escaparate que permite ver o bo e o malo, sostén que hai datos que non deixan de o sorprender. Así, chámalle a atención o que se tarda en rematar a licenciatura en Filoloxía Hispánica (sete anos) e que a Universidade da Coruña medre en número de estudantes cando no Sistema Universitario Galego diminúe por ter perdido 30.000 estudantes. Remata a súa intervención interesándose por aquelas titulacións en que o número de estudantes será menor que 25, que é o número acordado no Consello Galego de Universidades para proceder á adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior. Tendo en conta que é o caso das Filoloxías e de Enxeñaría Naval, considera oportuno saber que medidas alternativas hai para tales efectos.

Logo da súa intervención, toma a palabra o Sr. Gabriel Fernández, quen considera que o principal reto neste momento, en materia de implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, é todo o relativo á reforma dos planos de estudos das titulacións da nosa universidade, e desde aquí se están a dar o pasos necesarios para tal fin. A respecto do impacto da investigación no POD, afirma ser partidario de ter en conta os resultados do proxecto de investigación máis que o propio proxecto de investigación.

Adaptación EEES é o reto da UDC e non é reto pequeno, desde a UDC déronse os pasos adecuados. Considera que máis que valorar que se teñan proxectos de investigación, deberíanse valorar os resultados de investigación. A opinión acerca de que a universidade pase de depender de Educación a outro de Ciencia e Investigación parécelle perigoso nunha época en que se debe avogar pola mellora da docencia. Remata a súa intervención incidindo no tema do excesivo regulamentismo da nosa universidade. Afirma, neste sentido, que deben existir normas, aínda que a ninguén lle guste a multiplicidade de burocracia e de regulamentación, pero deste xeito tamén se marcan as regras de xogo da Universidade e pódese saber como actuar.

Logo desta quenda de intervencións, toma a palabra o Sr. Reitor, quen comeza agradecéndolles aos membros do Claustro que fixeron uso da palabra

todas as súas observacións e críticas. Afirmar que a memoria presentada recolle cousas positivas, mais tamén outras preocupantes, tales como o número de alumnos nalgunhas titulacións, aínda que tamén é certo que para as titulacións con menos de 25 alumnos estanse a realizar planos de viabilidade. O Sr. Reitor tamén incide no tema do regulamentismo, afirmando que son necesarias regras de xogo, aínda que se poida discutir a súa flexibilidade e axilidade. Na súa intervención trata o tema da valoración da investigación no POD, sinalando que se irá asumindo paso a paso, debido ao novo esquema do ensino e ao custo económico. Considera, ademais, que a Universidade da Coruña está a realizar un grande esforzo para proceder á adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, sempre para dar resposta ás propostas concretas dos centros, por esta razón a Universidade da Coruña xa ten demandado á Xunta de Galicia que o custo de adaptación figure nos orzamentos de financiamento das universidades. Remata a súa intervención agradecéndolles aos membros do Claustro todas as súas observacións e indicándolles que moitas delas tamén serán atendidas a continuación polas Sras. Vicerreitoras e polos Sres. Vicerreitores.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen comeza a súa intervención sinalando que non mantén a mesma visión que a Sra. Rey Graña. Así, en relación coa sensación de confusión experimentada pola Sra. Rey Graña acerca do capítulo de economía, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica asume a súa posible parte de culpa na falta de claridade, pero tamén remite á análise polo miúdo do documento presentado e da documentación relacionada (orzamentos, liquidación e plano estratéxico) dispoñible na web. A respecto da perda de investimentos reais, lémbrese que xa na memoria do orzamento 2007 se sinalaban achegas extraorzamentarias para o Parque Tecnolóxico e a Área Residencial, así como a intención de acudir a convocatorias de Anticipos Reembolsables, Parque Tecnolóxico e FEDER, en que finalmente se obtiveron fondos adicionais. Ademais, sinala que o Plano de Intensificación supuxo un investimento adicional de 3 millóns de euros. Esa redución só aparente do investimento explica o incremento do peso relativo do gasto corrente. O Sr. Vicerreitor contradí a interpretación de que se presenta como un logro a contención dos gastos de persoal, por canto a diagnose expresada na Programación Plurianual 2007-2008 do Plano Estratéxico é que a Universidade da Coruña ten un déficit de efectivos tanto en PAS como en PDI. En relación coa rendición de contas sobre o destino dos Fondos de Nivelación da Xunta, lembra que son fondos non finalistas e que o seu destino, como o de todos os outros fondos, se pode consultar nos orzamentos e liquidacións dispoñibles na web da Universidade da Coruña. Aclara que a súa afirmación de que eran «o chocolate do loro», se encadraba nun comentario máis amplo en que se sinalaba que aínda que a cantidade era

importante, resultaba rechamante a atención que se lle prestaba a un fondo duns 3 millóns de euros cando, por exemplo, o fondo incondicionado superaba os 70 millóns de euros. A respecto do desenvolvemento do Plano Estratéxico, indícase que os obxectivos consensuados xa orientaron o orzamento do ano 2007 e que nese ano se rematou a súa formulación, concretada na elaboración de 165 accións que veñen orientando ás actuacións posteriores. Remata a súa intervención tratando o tema das dificultades para identificar e totalizar, a partir do orzamento do ano 2007, os 3 millóns de euros investidos na intensificación da adaptación ao EEES. Para tales efectos, afirma que precisamente non poden aparecer nese documento porque se financian coa liquidación do exercicio 2006 e sinala que os programas aparecen expresamente recollidos na páxina 212 e que as obras nos centros están polo miúdo na páxina 166.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen afirma que non se ten unha actitude de compracencia a respecto dos resultados económicos obtidos en materia de investigación, pois sempre hai o desexo de mellorar. Por iso afirma que o incremento en captación de recursos non é o desexado, aínda que convén sinalar que as cifras non só son as que figuran na páxina 26, porque tamén hai que engadir as que figuran na páxina 58. Polo demais, incide na suba do número de convenios asinados, que trae causa do incremento do número dos asinados con empresas, e na incorporación no POD da investigación, que é algo que non se rexistra noutras universidades, indicando que as que o van facer semella que teñen pensado empregar os mesmos criterios da nosa universidades. Na súa intervención tamén incide nos problemas de xestións a que fixeron mencións os membros do Claustro, que se están tentando resolver na nosa universidade, sinalando que é algo xeneralizado noutras universidades, sendo responsables en parte desta situación diferentes administracións. Remata a súa intervención considerando que a captación institucional de recursos tivo un éxito notable e que se está a traballar na elaboración de índices para valorar a investigación en áreas como Humanidades e Xurídico-Social.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen incide no indicado a respecto de que aquí non se realizan obras. O Sr. Vicerreitor afirma que a Universidade da Coruña é unha universidade en construción, cuxa viabilidade depende principalmente da xestión urbanística desta cidade. Entre outras razóns, isto é así porque, sempre segundo o Sr. Vicerreitor, necesitamos solo para executar obras e a Universidade da Coruña non ten ningunha parcela completa no plano parcial, que é algo que se pode achacar a unha falta de previsión dos equipos existentes durante 15 anos na nosa universidade. E non hai que esquecer que as administracións local e a autonómica teñen un control total

sobre licenzas, cuxa concesión implica, en ocasións, cambios nos planos de ordenación das cidades, que foi o que pasou coas obras para a construción do centro único de Esteiro ou da área residencial no campus de Elviña. De todos os xeitos, son cuestións que xa se resolveron e van permitir a realización das obras proxectadas. Remata a súa intervención indicando que se profesionalizou o Servizo de Infraestruturas, de xeito que os responsables das facultades e das escolas poden ter interlocutores a tempo completo para expor as súas necesidades e levar a cabo outras actuacións.

Antes de proceder á votación, o Sr. Reitor indícalle á Sra. Rey Graña, quen quere intervir de novo para que lle aclaren certas cuestións, que a Mesa do Claustro acordou non abrir outra quenda de intervencións para que os membros do Claustro tomen de novo a palabra para responder ás intervencións do Sr. Reitor e das vicerreitorías. Con todo, o Sr. Reitor trata o de tema do fondo de nivelación do plano de financiamento, sinalando que se están a cumprir os obxectivos.

Logo da votación e do recuento realizado polos membros da Mesa do Claustro, apróbase Memoria de xestión 2007, Informe do Reitor para o Claustro, con 112 votos a favor, 22 votos en contra e 10 abstencións.

3. Composición e elección da Comisión Redactora Estatutos da Universidade da Coruña

Neste punto da orde do día o Sr. Reitor, logo de explicar o seu contido indicando que se trata dunha comisión de estudo e de propostas non vinculantes para unha reforma total dos nosos Estatutos, que foi algo sobre o que se incidiu na anterior sesión do Claustro, dálle a palabra ao Sr. Rodríguez Bugarín que a pediu por unha cuestión de orde. Considera que a redacción deste punto da orde do día non é a máis afortunada, especialmente en todo o relativo á denominación desta comisión, pois que legalmente non ten competencias para redactar uns novos Estatutos, razón pola que pide a retirada deste punto da orde do día.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor explica que as únicas competencias desta comisión son de estudo e propostas e máis nada. Dálle a palabra ao Sr. Pazos Sierra, quen tamén critica a denominación desta comisión e entende que, tal e como está redactado este punto da orde do día, a Comisión que se propón crear asume competencias que non lle corresponden. Considera que unha cousa é como está literalmente redactado e outra cousa distinta é o que se pretende que faga a Comisión. Mais, en todo caso, isto provocou confusión, de xeito que moitos membros do Claustro non puideron presentar

as súas propostas de composición. Remata a súa intervención solicitando tamén que se retire este punto da orde do día.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Dopico Calvo, quen comeza a súa intervención indicando que na anterior sesión do Claustro se procedeu a unha reforma parcial dos Estatutos, realizando certos cambios técnicos e certos cambios non técnicos que obedecían a compromisos electorais de Nova Luce. Nesa sesión púxose de relevo que sería necesario acometer, dentro do prazo legal de tres anos, unha reforma en profundidade nos nosos Estatutos, sendo necesario para tales fins a constitución dunha comisión de estudo dos posibles cambios que habería que facer na nosa norma estatutaria. Esta é a razón pola que se trata o tema nesta sesión do Claustro e pola que sostén que a comisión só ten competencias de estudo e de propostas non vinculantes. Remata a súa intervención explicando o contido da proposta de composición desta comisión, que figura no **ANEXO III**.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Castedo Ribas, quen non entende como se pode dicir que a reforma anterior foi parcial se se mudaron un total de 66 artigos, por esta razón considera que esta reforma foi unha frivolidade e non está ben que se estean a cambiar en cada momento as normas estatutarias. Remata a súa intervención sinalando que a reforma anterior dá a sensación de que foi precipitada e por iso, agora, parece que queren corrixirse os erros provocados por actuar así. En resposta, o Sr. Reitor pídelle que non fale de frivolidade e pídelle respecto, porque a reforma é consecuencia dunha actuación que obtivo o maior apoio de todas as votacións na historia da Universidade da Coruña. Remata indicando que o que se presenta hoxe pretende dar resposta ás peticións de constituír unha comisión de estudo e de propostas de cambios formalizadas no anterior Claustro.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. López Taboada, quen di non entender o que explica o Sr. Reitor e pide que a proposta de comisión se faga con artigos que concorden, sempre conforme aos estatutos actuais, e precisando as porcentaxes dos distintos sectores.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Colina Garea, quen considera que non se poden aplicar as novas porcentaxes de representación porque non se renovou o Claustro de conformidade coa reforma parcial aprobada nos Estatutos da Universidade da Coruña. Remata indicando que para determinar a composición das comisións debe estarse ás porcentaxes e grupos antigos, aínda que o obxectivo sexa adaptarse ás novas porcentaxes na medida do posible.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. López Taboada, quen lle solicita ao Sr. Secretario Xeral que explique a instrución de Secretaría Xeral a respecto da composición das xuntas de centro. En resposta, o Sr. Secretario Xeral indícalle que non houbo ningunha instrución de Secretaría Xeral nin oral nin por escrito, senón contestacións específicas (sobre colectivos específicos de investigadores) a preguntas formalizadas desde un departamento, tendo en conta unha serie de dúbidas sobre a composición deste órgano colexiado. Polo demais, o Sr. Secretario Xeral afirma, a respecto da reforma dos Estatutos, que foi una reforma parcial e que operou como tal seguindo os requisitos legais esixidos para tales efectos. Remata a súa intervención sinalando que aquí, neste punto concreto da orde do día, estase a cumprir coa legalidade e que se busca o consenso para crear a comisión, que é de estudo e de propostas non vinculantes, mais tamén para determinar a súa composición, que, en definitiva, sería o que habería que votar despois.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. López Pereira, quen sostén que debe retirarse este punto da orde do día se se quer consenso. Ademais, considera que na orde do día se fala dunha comisión redactora e non dunha comisión de estudo.

O Sr. Pazos Sierra intervén de novo, tan só para facer constar que se convoca os membros do Claustro para algo que non se menciona expresamente na orde do día. Remata sinalando que, sempre coa finalidade de actuarmos por consenso, parece prudente non crear agora esta comisión, pois non hai realmente razóns que apremen para isto.

Toma a palabra o Sr. González López, quen considera que se está a perder o tempo con esta discusión. Entende que todo está moi claro e que a comisión é redactora, e máis nada, porque redactará un informe sobre as necesidades de reforma que teñen os nosos Estatutos e cuxos destinatarios son os membros do Claustro.

O Sr. Dopico Calvo intervén de novo para manifestar que non entende o conflito exposto, porque se trata da creación dunha comisión de estudo das posibilidades de reforma que ofrecen os nosos Estatutos. De todos xeitos, pídelles aos membros da Mesa do Claustro que haxa un receso de cinco minutos para poder chegar a unha solución consensuada, que é algo a que accede a Mesa do Claustro, acordando tal receso.

Logo do receso acordado de cinco minutos, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Dopico Calvo, quen informa os membros do Claustro de que, logo de reflexionar e ver que decisións tan importantes como a presente se deben facer con acordo, este punto debe ser retirado da orde do día, mais co

compromiso de estudar o tema conxuntamente para que sexa tratado, se proceder, na seguinte sesión do Claustro.

Logo da deliberación dos membros da Mesa do Claustro, o Sr. Reitor sinala que semella clara a vontade de todos os membros do Claustro, incluída a propia Mesa, de retiraren este punto da orde do día para que sexa tratado na seguinte sesión do Claustro, pois tamén semella evidente a necesidade dunha comisión desta natureza, cuxa creación debe ser consecuencia do maior consenso posible.

Áprobase retirar este punto da orde do día.

4. Aprobación, se proceder, do posicionamento do Claustro da Universidade da Coruña sobre a suba de taxas universitarias 2007/2008

Neste punto da orde do día o Sr. Reitor dálle a palabra aos representantes do estudantado que propoñen que o Claustro da Universidade da Coruña se posicione sobre a suba de taxas universitarias tal e como figura no **ANEXO IV**.

Toma a palabra o Sr. González Veira, quen intervén en nome dos CAF, Comités Abertos de Escola e Facultade para explicar a posición desta organización estudantil. Esta proposta que aquí se trae a debate xorde da posición unánime dos representantes de estudantes no Claustro a raíz do Decreto de prezos públicos do curso 2007-2008 e a necesidade que se vía de que a Universidade da Coruña se posicionase en contra da suba das taxas de matrícula. As razóns que xustifican a súa proposta son as seguintes.

Primeiro, porque supón unha suba excesiva, por riba do IPC 1,6 puntos. O abano que se tiña ía desde o IPC estatal desde o 30/04/2006 até 30/04/2007 (2,4%) até catro puntos por riba dese IPC, mais o IPC Galego ascende este ano a un 2%, por tanto estanse incrementando os prezos públicos o duplo que o IPC en Galicia.

Segundo, porque leva seis anos subindo por riba do IPC. O goberno do PP na Xunta de Galicia estivo durante toda a lexislatura pasada subindo as taxas por riba do IPC coa escusa de que a nosa Comunidade Autónoma tiña unhas das máis baixas do Estado, sen querer fixarse en que tamén as rendas galegas son das máis baixas. Non hai diferenzas entre a política de taxas do PP e a do PSOE chegando incluso a superar este ano os ritmos de crecemento máis esaxerados da etapa anterior.

Terceiro, porque non hai control sobre as bolsas que eximen de pagar estas taxas. Só as bolsas do MEC eximen do pagamento das taxas, logo, non ten sentido xustificar unha suba tan brutal dos prezos públicos baseándose nun aumento das bolsas, afirmación que tamén é falsa, xa que non é a mesma Administración a que sobe as taxas que a que xestiona as bolsas. É absolutamente regresivo subir as taxas por riba do IPC se non podes xestionar a política de bolsas.

Cuarto, porque se pagan máis taxas por menos e peores servizos. Aínda é recente o desmantelamento do Sistema Universitario de Residencias da Universidade de Santiago de Compostela coa supresión de 380 prazas de residencias, a externalización de todos os servizos de comedores, reprografía e incluso aulas de internet. Temos unha Universidade cada vez máis cara e con menos e peores servizos.

Quinto, porque é mentira que estas subas non se noten. Sempre nos venden que unha suba progresiva coma esta, sen grandes saltos (segundo o criterio de quen o mire), non se nota. Pois ben, é rotundamente falso tamén; só nunha xeración de licenciados (5 anos) a diferenza entre a primeira matrícula dun estudante, que comezou hai cinco anos, e a dun que comece agora é de máis de 120 euros (crédito non experimental, é dicir, o máis barato).

Sexto, porque desta volta, a segunda matrícula é un 15% máis cara que a primeira, e a terceira un 35%. É terriblemente abusivo gravar a unha persoa por segunda matrícula, calquera pode ter un mal ano ou dificultades nunha materia sen necesidade de que a universidade se lucre á súa costa. É a primeira vez que se fai isto, e é tremendamente regresivo e inxusto. Tamén pasa dun 25% a un 35% a terceira matrícula que, aínda podendo entender que poida ser un pouco máis cara, é incomprendible un aumento tan desproporcionado. Incualificable resulta que quen se matricule dunha materia máis de 3 veces teña que pagar un 50% máis por crédito, en ningunha comunidade autónoma pasou isto no curso 2006-2007.

Sétimo, porque o Estado fixa o incremento mínimo no IPC estatal. Tampouco entendemos que o Estado poña límites por baixo ás comunidades autónomas, evitando que poidan exercer unha mínima política de taxas, o baremo establecido non permite que ningunha comunidade autónoma poida corrixir aumentos excesivos das taxas con base nunha conxelación da súa suba.

E oitavo, porque o financiamento das universidades ten que incrementarse con cargo a un plano de financiamento e non con cargo a prezos públicos. Non é comprensible que dous anos despois do acceso do PSOE a Consellaría

de Educación e Ordenación Universitaria non se tivese reformulado o Plano de Financiamento das Universidades do SUG, ao que, por certo, se opuxeron no seu día e o único que se lles ocorre para aumentar os recursos das universidades é subir o prezo que pagamos por elas.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Rodríguez Amoroso, quen intervén en nome da asociación de estudantes IESGA. Comeza a súa intervención sinalando que este punto da orde do día trae causa dunha solicitude formalizada conxuntamente polas tres asociacións de estudantes con representación no Claustro, sempre sobre a base de que tales asociacións teñen acordado o texto que figura no citado **ANEXO IV**. Por esta razón, ratifican o afirmado polo Sr. González Veira anteriormente. Remata a súa intervención sinalando que o aumento de taxas leva a unha situación de desigualdade e que, precisamente para evitar isto, cómpre estarmos por unha universidade pública e de calidade.

Igualmente, interveñen os representantes da asociación estudantil GADED para incidiren no sinalado polos representantes das outras asociacións estudantís. Sinalan que o texto que figura no mencionado anexo é consecuencia do acordo formalizado por todo o estudantado e gustaríalles contar co apoio unánime do Claustro universitario.

Logo de dar lectura ao texto consensuado entre os representantes do estudantado, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Armesto Barbeito, quen intervén para incidir na defensa da universidade como servizo público. Sinala que no presente a universidade está a ser obxecto de reformas moi intensas provocadas, entre outras causas, pola adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Trátase, en todo caso, dunha época de cambios e de novos retos onde a defensa da Universidade como servizo público ten un valor fundamental e, dado que hai que converxer con Europa, semella oportuno ter coñecemento dos datos sobre financiamento das universidades noutros Estados membros da Unión Europea. E precisamente cando se estudan os datos sobre financiamento universitario europeo, pódese comprobar como o Estado español está en segundo lugar na clasificación de estados coas taxas máis altas, xusto detrás do Reino Unido que, con todo, ten as bolsas máis altas, que non é xustamente o que pasa aquí. Por iso, se se fala de converxer, semella que o hai que facer en todo, incluso en materia de financiamento público das universidades. Remata a súa intervención sinalando que vai apoiar esta proposta porque vai na liña de defender un modelo de universidade pública e de calidade.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. García Gil, quen defende a proposta e manifesta que lle parecería insuficiente se non for aprobada así. Remata a súa

intervención sinalando que algún docente considera boa a idea de penalizar economicamente con recargas ao estudantado que non supera as materias, mais ninguén di nada sobre como hai que penalizar aos docentes que rexistran nas súas materias un elevado índice de suspensos masivos.

Toma a palabra a Sra. Traba Pérez, quen pide un voto favorable para a proposta, pois isto implica rexeitar un modelo de ensino universitario privado e elitista e posicionarse a favor dun modelo de ensino universitario público e de acceso para toda a cidadanía.

Igualmente, intervén o Sr. López Pereira, quen, logo de indicar que as reflexións do Sr. Armesto Barbeiro semellan o anticipo dunha campaña, centra a súa intervención en tres cuestións concretas, relativas a que o aumento de matrícula non se pode achacar a antes; a que se aclare como se produce o esquema de aumento de matrícula; e a que postura manifestou a Universidade da Coruña nos trámites administrativos en que participa antes de se aprobar formalmente o aumento de taxas.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Pazos Sierra, quen manifesta que lle parece ben a opinión do estudantado e do Sr. Armesto Barbeito, mais tamén quere evitar que este tema se empregue para xogar co estudantado, por esta razón espera que o Sr. Reitor responda as preguntas formalizadas polo Sr. López Pereira a propósito do papel que tivo a nosa universidade sobre o asunto. Remata a súa intervención indicando que hai mellores formas de castigar os repetidores que o aumento de matrículas posteriores á primeira.

Toma a palabra o Sr. García Camba, quen insiste no feito de que esta proposta foi consensuada por todo o estudantado con representación no Claustro, que ten como finalidade a súa presentación e defensa ante as autoridades educativas competentes, por esta razón non debe considerarse como unha cuestión puramente simbólica, pois será vinculante en caso da súa aprobación. Na súa intervención tamén sinala que a política da consellería competente da Xunta de Galicia é neste asunto continuísta a respecto da anterior e ata vai máis aló. Chámalle a atención a postura do Sr. López Pereira cando ratificou estas subidas no seu posto anterior. Remata indicando que as taxas non deberían ser un impedimento para quen queira entrar na universidade e trátase de que o próximo curso non se produza o que pasou o curso pasado. Rematada a súa intervención, toma a palabra o Sr. López Pereira para indicar que non asumía ningunha responsabilidade institucional cando se procedeu á suba de taxas no seu día.

Toma a palabra o Sr. Otero Otero quen pon de relevo que se quixo que nesta iniciativa participase todo o estudantado na elaboración do texto e que

cómpre proceder á súa aprobación. Remata sinalando que a Universidade da Coruña será pioneira no caso da aprobación da proposta.

O Sr. Reitor, en resposta ás preguntas formalizadas polos membros do Claustro, quere indicar que a Universidade da Coruña vén manifestando, desde hai dous anos, nas institucións competentes para tales efectos (Consello Social da Universidade da Coruña e Consello Galego de Universidades), a súa oposición á suba de taxas, indicando ademais que tales incrementos deberían suplirse cun adecuado sistema de bolsas.

Toma a palabra a Sra. Martínez López para ler a proposta do posicionamento do Claustro da Universidade da Coruña sobre a suba de taxas universitarias 2007/2008 que, logo de consensuarse entre todos os membros do Claustro, é a que figura no **ANEXO V**.

Sen ningún voto en contra e con dúas abstencións, apróbase o posicionamento do Claustro da Universidade da Coruña sobre a suba de taxas universitarias 2007/2008 nos termos recollidos no citado **ANEXO V**.

5. Memoria anual de actividades do Valedor Universitario

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Valedor Universitario para que proceda, en cumprimento do artigo 104.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, á presentación da súa memoria de actividades. O Sr. Valedor Universitario presenta a súa memoria anual de actividades, que figura no **ANEXO VI**.

Logo da presentación da memoria, o Sr. Reitor agradécelle ao Sr. Valedor Universitario a súa presenza nesta sesión do Claustro e o seu traballo. A continuación, ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Pazos Sierra, quen tamén lle agradece ao Sr. Valedor Universitario a súa intervención, interesándose logo polo respecto que a Universidade da Coruña e todos os seus membros lle teñen á figura do Valedor Universitario e ao seu labor institucional. Remata a súa intervención o Sr. Pazos Sierra indicando que o seu interese vén motivado pola sensación de que en moitas ocasións semella que a figura do Valedor é ignorada, como proba, o reducido número de claustrais neste punto da orde do día.

En resposta, o Sr. Valedor indícalle que non se sente desprazado ou ignorado, pois, de ser así, tería renunciado ao cargo. Mais, en todo caso, considera que necesita moito máis apoio da Universidade da Coruña, isto é, do equipo de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria. En moitas ocasións, os seus escritos solicitando información non obteñen ningunha resposta e noutras ten que sortear moitos obstáculos para poder realizar coa

celeridade necesaria as súas actividades. Todas estas cuestións, xunto co reducido número de membros claustrais presentes, son asuntos a respecto dos que o Valedor Universitario non pode facer nada, agás pedir maior respecto e maior concienciación do importante labor que pode realizar o Valedor Universitario para toda a comunidade.

6. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Sierra Pazos, quen lle pide ao Sr. Secretario Xeral que comprobe a etiqueta do código de barras do seu ordenador portátil, en que apenas se pode apreciar o número de inventario. O Sr. Sierra Pazos pretende, a través desta experiencia, incidir en certos temas de xestión diaria da nosa universidade, deixando a un lado o tema do código de barras e dos gastos que esta operación de inventariado lle debeu ocasionar á Universidade. Céntrase, en concreto, na xestión dos pagamentos económicos dos proxectos de investigación e nas instrucións emitidas desde a Xerencia, que non comparte, porque impiden que os investigadores poidan acometer o seu labor de investigación, razón pola que pide que se actúe nestes casos doutra maneira. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que desde a Xerencia se actúa sen o ánimo de obstaculizar o labor dos investigadores e neste sentido deben ser interpretadas as instrucións emitidas, cuxa finalidade non é outra que a de que as cousas funcionen ben.

Toma a palabra o Sr. Alfonso Araújo, quen afirma non ter recibido a convocatoria para esta sesión do Claustro e pide que adopten medidas para garantir que nas seguintes sesións sexa correctamente convocado. Neste mesmo sentido, incide o Sr. Rioboo Lois, ademais de poñer de relevo outros problemas que sofre o estudantado do campus ferrolán de Serantes, tales como os relativos ao transporte e a certas barreiras arquitectónicas que padecen as persoas con discapacidade. En resposta, o Sr. Secretario Xeral infórmao de cal é o procedemento de envío das convocatorias e do papel de distribución que xogan os centros neste sentido. Non obstante, pídelle desculpas e comprométese a investigar que pasou no seu caso concreto. O Sr. Alfonso Araújo tamén centra a súa intervención nas aulas de estudo do CUR, en que hai pouco espazo, e no asfalto do campus de Elviña, que non está en óptimas condicións. En resposta, o Sr. Reitor indícalle, a respecto do asfalto e incluso de certos problemas coa iluminación, que se trata de cuestións que son competencia do Concello da Coruña, aínda que a Universidade da Coruña, que xa lle solicitou ao Concello que resolva tales problemas en máis dunha ocasión, acometeu obras para tales efectos pola súa propia conta.

Toma a palabra a Sra. Traba Pérez para insistir na necesidade de retirar e soterrar, se proceder, a liña de alta tensión que está pegada á Facultade de

Filoloxía. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que a Universidade da Coruña está sobre o tema e mantén reunións coa Consellería competente da Xunta de Galicia e con FENOSA. O Sr. Reitor afirma que se trata dun problema de financiamento das obras, aínda que entende que se poderían acometer sen ningún problema aproveitando as obras da terceira rolda. En calquera caso, o Sr. Reitor comparte a preocupación, que fai tamén extensible ao propio Castro de Elviña, onde hai unha torre de alta tensión.

Toma a palabra o Sr. García Camba, quen centra a súa intervención nas aulas Net dos centros da ETS de Arquitectura e da EU de Arquitectura Técnica.

Toma a palabra a Sra. López Fernández, quen desexa falar neste punto da orde do día para incidir en cuestións relativas á Memoria de Xestión 2007, tendo en conta que non o puido facer no punto da orde do día establecido para tales efectos. Centra a súa intervención no tema da duración dos estudos que se imparten na Facultade de Filoloxía, que non poden ser obxecto de comparación con outras titulacións, pois os criterios para a súa valoración son outros. Sinala que non se debe estar conforme co actual número de estudantes na Universidade da Coruña, pero considera que nalgúns casos houbo incrementos considerables, porque desde os centros se están a facer cousas moi interesantes para mellorar a súa imaxe. Igualmente, incide no tema do futuro das titulacións na Universidade da Coruña, indicando que se trata dunha cuestión que se está a debater nos propios centros, por vontade dos propios centros. Remata a súa intervención solicitándolle ao Sr. López Pereira que, como membro do Consello Galego de Universidades, nomeado polo Partido Popular de Galicia, se preocupe por mellorar a imaxe da Universidade da Coruña, mais nunca o contrario, que semella ser o que está a facer en ocasións.

Toma a palabra o Sr. Méndez Bouza, quen centra a súa intervención no apeadeiro do tren en Elviña, que non está en óptimas condicións, por esta razón pide que se reparen cuestións tales como a da luz e a da marquesiña. Na súa intervención evidencia, ademais, a necesidade de mellorar os horarios dos trens mediante a súa adecuación, se for posible, ás necesidades do estudantado. Remata insistindo nas deficiencias do Centro Universitario de Riazor (CUR) e na necesidade de garantir lugares de estudo abertos o maior número de horas posible. En resposta, o Sr. Reitor indícalle, a respecto dos horarios, que se está a estudar o tema, cuxa materialización implica cambios estruturais que a nosa universidade non descarta. Tamén trata o Sr. Reitor o tema dos horarios dos trens, indicando que a Universidade da Coruña xa lle fixo propostas neste sentido a RENFE.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 15:30 horas.